

CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN EN BACHARELATO

1º DE BACHARELATO

- O alumnado que tras a convocatoria de setembro suspenda unha ou dúas materias promocionará con elas pendentes, debendo examinarse no curso seguinte.
- O alumnado que en setembro teña máis de dúas materias pendentes repetirá o curso na súa totalidade

2º DE BACHARELATO

- Os alumnos que, unha vez rematada a convocatoria de setembro, suspendan algunha/s materia/s poderán optar por matricularse delas sen ter que cursar as materias xa superadas ou por matricularse do curso completo. Neste caso, nas materias que xa tiña aprobadas contabilizaráselle a maior das dúas notas acadadas.
- Para obter o título de bacharelato é necesario ter aprobadas todas as materias dos dous cursos e ademais superar a proba de avaliación final
- A nota do expediente será a media de todas as materias cursadas nos dous anos de bacharelato
- A Cualificación final será a media ponderada do 40% da avaliación final máis o 60% da nota do expediente académico
- Non se sabe aínda si as universidades farán ademais algunha proba propia para o acceso ás mesmas

PROBA DE AVALIACIÓN FINAL

- Nesta avaliación o alumno deberá examinarse de
 - a) Todas as materias xerais cursadas no grupo de troncais no bacharelato. No caso de materias que impliquen continuidade terase en conta só a cursada en 2º.
 - b) Dúas materias de opción cursadas no bloque de materias troncais en calquera dos cursos. As materias que impliquen continuidade só contarán como unha materia e só terase en conta a cursada en 2º.
 - c) Unha materia do bloque de materias específicas cursada en calquera dos dous cursos que non sexa Educación Física nin Relixión.
 - d) Lingua Galega
- Debe obterse un mínimo dun 5 para que a nota desta avaliación final sexa positiva.
- A cualificación final da etapa de bacharelato será ponderación dun 60% da nota de todas as materias cursadas en bacharelato e un 40% da nota obtida na avaliación final de bacharelato.